


XII Convenio estatal de centros de asistencia e educación infantil 0-3: as patronais incumplen nova adaptación salarial regulada na disposición final 5ª e na transitoria 9ª

A CIG-Ensino, xunto coas demais OO.SS, demandará na Audiencia Nacional se as patronais non rectifican previa papeleta de conciliación no SIMA



Logo de dúas mesas de negociación estatais (11 e 31 de marzo) do XII Convenio de centros de asistencia e educación infantil de 0-3 anos, as patronais do sector non só decidiron incumplir o que asinaron neste mísero convenio, senón que amosaron un total desprezo e

desconsideración coa representación sindical e cos traballadores e traballadoras en xeral, ao intentar dilatar e retrasar o máximo posible a obriga e deber que teñen de facer unha nova adaptación salarial en todas as táboas do convenio (xerais, xestión indirecta e de obras

sociais e caixas de aforros). Logo de convocar a 1ª mesa 2 meses tarde, dende que sabemos como quedou o IPC en 2021, e pedir nesa mesa vinte días para facer unha proposta, presentáronse na 2ª mesa sen nada.

Esta adaptación salarial consiste en aplicar a todas as táboas salariais en vigor actualmente o 5,5% de suba, dende o 1 de setembro de 2021, segundo recolle a disposición final 5ª:

“No caso de que o IPC ao 31 de decembro de 2021 fose superior ao 1 por 100, revisaranse os salarios no exceso da indicada cifra con carácter retroactivo desde o 1 de setembro de 2021. As empresas terán un prazo de dous meses para actualizar eses atrasos”.

Dende a CIG-EnsinO, secundada desta vez polas demais OO.SS, respostamos cun contundente “hai que cumprir o asinado”, polo que xudicializaremos este incumprimento na Audiencia Nacional, previa papeleta de conciliación no SIMA (Servizo de Intermediación e Arbitraje). Esperemos que as demais OO.SS, sobre todo ás asinantes do XII convenio, se manteñan nesta reivindicación xusta e lexítima, pois xa non sería a 1ª vez que todas elas ceden e renegocien á baixa. Para os asinantes do convenio, o 5,5% xa non sería de aplicación para as táboas de xestión indirecta ao compartir coa patronal que o “espírito da negociación” non era ese, renunciando tamén á literalidade do texto da disposición final 5ª. Se fose ao contrario a patronal compartiría o espírito ese? Sobran exemplos de que non...

Todas estas adaptacións salariais e modificacións ao SMI, veñen darnos a razón das miserias que se negocian neste ámbito estatal, da precariedade salarial no sector e do pouco recoñecemento ao persoal traballador que se ten. O triste é que a inflación de 2021, cun IPC do 6,5%, sexa a que nos marque o camiño que a negociación, nestas mesas estatais, foi incapaz de acadar. O mesmo ocorre coa aplicación do SMI, agora en 1000€, e que todos e todas as que tedes un salario base inferior debedes estar cobrando desde xaneiro do 2022.



Por iso defendemos un Marco Galego de Negociación como única vía de negociación real, na que non se vos suplante ás traballadoras e traballadores, na que se defendan os vosos intereses, non se vendan e intercambien, sendo vós os que decidades para poder dignificar o sector cun Convenio Galego xusto. Para isto precisamos máis representación sindical, ser maioritarios no sector en Galiza, para reforzar o noso modelo sindical assembleario, reivindicativo e combativo, fronte ao pactista e entreguista das demais OO.SS estatais.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal